

NORMATIVA LIGA GALEGA DE WATER-POLO

Tempada 2006 - 2007- Circular 06-37

Establécense as seguintes competicións:

LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA 1ª División (sen límites de idade).

LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA (sen límites de idade)

LIGA GALEGA XUVENIL MASCULINA (nacidos nos anos 1989 e posteriores)

LIGA GALEGA INFANTIL (nacidos nos anos 93 e posteriores)

1.- Inscripcións

1.1.- A participación está aberta a todos os clubs afiliados á FEGAN con licenzas en vigor e que se inscriban no prazo establecido.

1.2.- Os equipos participantes deberán inscribirse na sede da FEGAN antes do **11 de outubro** de 2006. Debendo presentar o modelo do **ANEXO**, antes do **20 de outubro**. Se non se cubrixe a inscrición nos prazos establecidos, suporá a non participación na liga.

1.3.- Inscripción na LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA 1ª División: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, como mínimo, 10 deportistas.

1.4.- Inscripción da LIGA GALEGA XUVENIL MASCULINA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, como mínimo, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición na Liga Galega Absoluta segundo os puntos 1.3. e 1.4., poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que si deberán figurar no impreso de inscrición).

1.5.- Inscripción na LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, como mínimo, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Júnior segundo o establecido do punto 1.3. ao 1.5, poderá non facerse a licenza de directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.6.- Inscripción na LIGA GALEGA INFANTIL: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, como mínimo, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil-Cadete de acordo co establecido do punto 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.7.- Poderanse incorporar xogadores á relación inicial sinalada nos puntos anteriores, ata un máximo de 20. As inscricións de novos xogadores deberán acompañarse coa tramitación da correspondente licenza, debendo realizarse o devandito trámite con, polo menos, 10 días naturais de antelación ao primeiro partido que poida disputar na categoría/liga para a que foi inscrito.

1.8.- Un xogador pode estar inscrito e participar, simultaneamente, en categoría absoluta, categoría júnior e categoría infantil, co único requisito da idade indicada para estas últimas categorías.

2.- Fórmula de competición

2.1.- Os equipos organizaranse en dous grupos, en función de que participen nas categorías inferiores ou non. En cada grupo disputarase unha fase regular na que se enfrontarán todos os equipos entre si a dúas voltas: dúas veces, actuando de organizador anfitrión nunha das ocasións e de visitante noutra. Unha vez finalizada a fase regular os equipos quedarán clasificados dentro de cada grupo segundo o sistema de puntuación establecido.

2.2.- Xogaranse Play-Offs nos dous grupos da 1ª División Masculina Absoluta, na liga Xuvenil e na Infantil:

Nos dous grupos da 1ª división disputarase unha primeira ronda na que participarán os catro primeiros clasificados, enfrontándose o 1º co 4º, e 2º co 3º clasificado da fase regular de cada grupo de forma independente. Todas as eliminatorias celebraranse a dobre volta con vantaxe de campo para o equipo mellor clasificado na fase regular. Na segunda ronda determinarase a orde de clasificación entre os equipos gañadores da primeira ronda polos postos 1º e 2º, e entre os perdedores polos postos 3º e 4º ao mellor de tres partidos.

Nas ligas xuvenil e infantil disputaranse eliminatorias de play-off para determinar o 1º e 2º posto, entre os dous primeiros clasificados da fase regular, a tres partidos con vantaxe de campo para o primeiro clasificado na fase regular.

Enténdese por vantaxe de campo o feito de disputar o partido de volta na casa nas eliminatorias a dobre partido e o de xogar o 1º e 3º partido na casa no caso de eliminatorias a tres partidos.

3.- Calendario e horarios

3.1.- As ligas comezarán no mes de novembro, e desenvolveranse conforme ao calendario correspondente.

3.2.- Os partidos xogaranse na piscina do Club que no calendario figura no primeiro lugar nos horarios fixados no propio calendario.

3.4.- O tempo de cortesía, por se houberse atraso dalgún dos participantes, será de 30 minutos contados a partir da hora de comezo sinalada.

4.- Obrigas dos equipos

4.1.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos 30 minutos antes da hora fixada para o comezo dos partidos.

4.2.- Os delegados de cada equipo, que deberán estar en posesión da Licenza Deportiva en vigor para a tempada, deberán entregar na secretaría da competición a relación de licenzas dos deportistas que van participar, e que estará en poder da devandita Secretaría ata que os Árbitros do partido dean por finalizado o mesmo e as actuacións que consideren oportunas.

4.3.- O equipo anfitrión indicará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

4.4.- O equipo anfitrión deberá dispoñer de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigas que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

5.- Títulos e premios

5.1.- Entregaranse trofeos aos campións de liga.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

ANEXO

LIGA GALEGA DE WÁTER-POLO				
Formulario de inscrición - Tempada 2006-2007				
Club / Equipo :				
Nome persoa de contacto:				
Indicar a categoría na que se inscribe:				
	ABSOLUTA MASCULINA			ABSOLUTA FEMININA
	XUVENIL MASCULINA			INFANTIL
DEPORTISTAS				
	Apelidos	Nome	Data nacem	Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7...				
8.				
9.				
10.				
11.				
12.				
13.				
14.				
15.				
16.				
17.				
18.				
19.				
20.				
TÉCNICOS				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
DIRECTIVOS / DELEGADOS				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN